

Protección de datos persoais

Quén é o Responsable do tratamento dos seus datos?

Identidade: Universidade de Vigo – Biblioteca Universitaria
Enderezo: Campus Lagoas-Marcosende s/n – 36310 Vigo
Teléfono: 986913848
Correo-e: dirbuv@uvigo.es

Con qué finalidade tratamos os seus datos persoais?

Os datos facilitados utilizaranse co fin de xestionar o servizo de obtención de documentos: xestión de solicitudes, xestión económica, estatísticas e información sobre o servizo.

Por canto tempo conservaremos os seus datos?

Conservaranse mentras se mantéña a relación de servizos entre a persoa interesada e a Biblioteca Universitaria de Vigo.

No caso de que se solicite a súa supresión, ésta levarase a cabo sempre que dita supresión non afecte á xestión económica do servizo. Si a supresión non fora posible, anonimizaranse os datos persoais.

Cal é a lexitimación para o tratamento dos seus datos?

A base legal para o tratamento dos datos é o consentimento expreso que se solicita da persoa interesada. Cada dous anos solicitarase a renovación do consentimento para o tratamento dos devanditos datos.

A qué destinatarios se comunicarán os seus datos?

Non se cederán datos a terceiros, salvo obrigaación legal.

A Biblioteca Universitaria ten contratado un servizo de *hosting* virtual con Kronosdoc Hosting e Automatización SL, empresa propietaria do software GTBib-SOD.

Kronosdoc ten contratado á súa vez un servizo de servidores con NEXICA; estes servidores atópanse aloxados no territorio nacional.

Kronosdoc tratará os datos conforme ás cláusulas do contrato asinado coa Universidade de Vigo e non os utilizará con fins distintos aos expresados no citado contrato. Así mesmo non os transmitirá a terceiros, á excepción da empresa NEXICA, con quen ten asinado acordo de confidencialidade.

Cales son os seus dereitos cando nos facilita os seus datos?

Os dereitos que teñen as persoas usuarias do servizo de obtención de documentos, no que respecta aos datos cedidos, son os seguintes:

- Dereito a solicitar o acceso aos seus datos persoais
- Dereito a solicitar a súa rectificación ou supresión
- Dereito a solicitar a limitación do tratamento e a opoñerse ao mesmo
- Dereito á portabilidade dos datos

Neste último caso, proporcionarase un ficheiro en formato *Excel* cos datos das súas peticións. Ademais calquera persoa ten dereito a solicitar confirmación sobre se os seus datos están sendo tratados ou non.

Para exercer estes dereitos deberá dirixirse por escrito ao Responsable do tratamento dos datos, ben por correo postal, ben por correo electrónico.

No caso de que o exercicio destes dereitos non fora satisfactorio, pode presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos no seguinte [enlace](#)